

Santiago González Serrano

Licenciado en Dereito e Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración (especialidade Estudos Administración Pública), ambas pola Universidade de Santiago de Compostela.

É funcionario de carreira do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia dende o ano 1993, Administración na que foi Xefe do Servizo do Rexistro Xeral de Contratistas e Contratación na Consellería de Industria e Comercio, Xefe do Servizo Técnico-Xurídico na Consellería de Presidencia, Subdirector Xeral de Menores, Subdirector Xeral de Programas Sociais na Secretaría Xeral de Emigración, e na Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, Subdirector Xeral de Coordinación de Servizos Transversais e Vicesecretario Xeral.

É funcionario de carreira do Corpo Superior do Parlamento de Galicia, ao que se incorporou en 2014, e no que ocupou os postos de Director de Recursos Humanos e Réxime Interior e Técnico de Asistencia Parlamentaria.

Foi Profesional-Colaborador da Escola de Práctica Xurídica, Colexio de Avogados e Facultade de Dereito de Santiago de Compostela (cursos 2003 a 2009). Esta en posesión del Diploma de Directivo (EGAP) e ten superados cursos superiores en materia de Urbanismo, Relacións Laborais, Dereito da Organización e do Procedemento Administrativo; ase mesmo, foi relator de cursos en diversas materias na Escola Galega de Administración Pública.

En novembro de 2017, incorporouse á Institución do Valedor do Pobo como Xefe do Servizo II.

Dende abril de 2018 é Secretario da Comisión da Transparencia de Galicia, na que ademais exerce como Letrado da Comisión nos procedementos Contencioso-Administrativos.

Dende o mes de xuño de 2018, é Delegado de Protección de Datos do Valedor do Pobo e dende o mes de setembro de 2020 ata a actualidade, responsable da área de urbanismo da Institución.

É Profesor da Escola Galega de Administración Pública en materia de Transparencia dende o ano 2020.

No mes de marzo de 2022, foi nomeado Vogal do Comité de Ética da Xunta de Galicia por proposta da Valedora do Pobo.

No mes de xuño de 2023, foi nomeado Xefe do Servizo de Administración e Persoal da Institución.